



DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO RELATIVA AO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO VILARTOXO, NOS CONCELLOS DE VAL DO DUBRA E A BAÑA (A CORUÑA), PROMOVIDO POR GREEN CAPITAL POWER, S.L. (CLAVE: 2020/0018).

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en base as súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e, de conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece no seu artigo 7.1 apartado a) que os proxectos comprendidos no seu anexo I serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental ordinaria.

O proxecto ao que se refire esta proposta de declaración atópase incluído no grupo 3.i, os parques eólicos que teñan 50 ou máis aeroxeradores, ou máis de 30 MW ou que se atopen a menos de 2 km doutro parque eólico en funcionamento, en construción, con autorización administrativa ou con declaración de impacto ambiental.

Este sería o caso da actuación pretendida, dado que o parque, segundo o estudo de impacto ambiental (EslA), atópase a menos de 2 km do parque eólico Santa Comba, con declaración de impacto ambiental.

Considerando o anterior, o proxecto someteuse ao trámite de avaliación de impacto ambiental ordinaria e, téndose practicado o referido procedemento, procede formular a correspondente declaración de impacto ambiental (DIA), de acordo co disposto no artigo 41 da dita Lei 21/2013.

1. INFORMACIÓN SOBRE O PROXECTO

1.1. Promotor e órgano substantivo

O promotor do proxecto é Green Capital Power, S.L. e o órgano substantivo a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

1.2. Obxecto do proxecto, descrición e localización

De acordo co estudo de impacto ambiental (*Parque eólico Vilartoxo 27 MW. Estudio de impacto ambiental. Rev 1. Mayo 2021*, asinado o 29.07.2021 e o 30.07.2021), o proxecto ten por obxecto a execución dun parque eólico de 27 MW de potencia total nos concellos da Baña e Val do Dubra (A Coruña), composto por 6 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias do cableado e centro de seccionamento), que se localizarán dentro do polígono definido polas coordenadas UTM que se indican no punto 3 desta DIA.

As características principais do proxecto son as seguintes:

- Número de aeroxeradores: 6





- Modelo previsto: Siemens Gamesa SG145 ou similar
- Potencia nominal unitaria: 4,5 MW
- Potencia total instalada: 27 MW
- Altura de buxa: 127,5 m
- Diámetro de rotor: 145 m
- Orzamento (execución material): 21.533.351,37 €

Proxéctase tamén a instalación dunha torre meteorolóxica de 127,5 m de altura. A torre meteorolóxica localizarase entre os aeroxeradores 3 e 4.

De cara á evacuación da enerxía producida no parque instalarase un centro de seccionamento 0,69/30 kV, situado ao norte do aeroxerador 2. No centro de seccionamento do parque albergaranse as celas de protección e medida, así como as celas de mando e control (seguimento e control de diferentes variables do parque) e estará formado por dous edificios prefabricados anexos.

A enerxía do parque eólico Vilartoxo será evacuada mediante a denominada "Solución de evacuación conxunta dos PPEE Barrosino e Vilartoxo" (obxecto doutro proxecto e en tramitación), a que evacuará a enerxía dende o centro de seccionamento do parque, mediante unha liña 30 kV, á subestación do parque eólico Troitomil 30/132 kV (obxecto doutro proxecto), onde se instalará o centro de control do parque eólico.

Dende a subestación do parque eólico Troitomil evacuarase a enerxía do parque eólico Vilartoxo, así como doutros parque eólicos, mediante unha LAT a 132 kV (obxecto doutro proxecto) ata a subestación de Lousame 132/220 kV, dende a que partirá unha LAT a 220 kV (obxecto dun proxecto independente) ata a subestación Lousame 220 kV, propiedade de Red Eléctrica de España, como punto de conexión á rede de distribución.

A obra civil inclúe a apertura de 3.840 m de vieiros de nova construción e o acondicionamento de 2.155 m de vieiros ou pistas existentes. A sección tipo terá un ancho de calzada de 5 m para os eixes internos do parque e os eixes de xiro, e de 4 m no caso dos accesos á torre meteorolóxica e centro de seccionamento, e contará con drenaxes lonxitudinais e transversais para permitir a continuidade da rede de drenaxe natural do terreo. Así mesmo, escavaranse 19.671,6 m² de gabias para soterrar o cableado de media tensión e a rede de comunicacións, entre os aeroxeradores e o centro de seccionamento.


Está prevista a existencia dunha zona de 3.999,8 m² destinada, durante as obras de execución, ao amoreamento de material, nunha zona próxima ao centro de seccionamento. Os residuos xerados durante a explotación do parque eólico almacenaranse no centro de seccionamento.

O prazo estimado de execución do proxecto é de 4 meses.

Como consecuencia da tramitación ambiental practicada modifícase o viario e a gabia de cableado ao sur da torre meteorolóxica e o viario de acceso entre o aeroxerador 5 e 6.

Inclúese a continuación un plano do parque eólico:





1.3. Principais elementos ambientais da contorna

As infraestruturas do futuro parque eólico sitúanse sobre unha área caracterizada por presentar un relevo accidentado formado por unha sucesión de montes de pendentes moderadas que separan distintos vales nos que se asentan núcleos rurais. Nestes lugares de relevo menos abrupto, os asentamentos aparecen rodeados de terras de cultivos e prados, mentres que nas ladeiras dos montes e nas zonas de cumio dominan plantacións forestais. Intercaladas coas especies madeireiras e asociadas aos cursos fluviais, aparecen masas de vexetación autóctona. As principais vías de comunicación son as estradas AC-453, AC-406 e a AC-444.

A nivel hidrolóxico, a área de actuación sitúase dentro do ámbito de intervención da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa e queda encadrada no sistema de explotación "Río Tambre e Ría de Muros e Noia". Discorren próximos ás infraestruturas do parque eólico o río Tambre e o seu tributario rego de Tarrulo, o río de Portalaxe e o río Dubra, así como e os seu afluentes.

Augas de Galicia cita as seguintes afecciones sobre a rede hidrográfica: o viario existente de acceso ao parque pola zona noroeste cruza un rego innominado afluente do río de Portalaxe e o voo das pas do aerogenerador 2 afecta á zona de policía dun rego innominado afluente do Río de Portalaxe.





No referido á vexetación, segundo a documentación achegada polo promotor, os aeroxeradores sitúanse sobre terreos que fundamentalmente correspóndense con repoboacións de piñeiros e, en menor medida, sobre zonas de eucalipto e matogueira (uceira, toxo ou xesta), a excepción do aeroxerador 5, localizado sobre bosque mixto, e o centro de seccionamento, situado sobre unha parcela de cultivo. Nas ribeiras dos leitos fluviais aparecen manchas de bosque autóctono (*Betula pubescens* subsp. *celtiberica*, *Quercus robur* e *Alnus glutinosa*).

Respecto de especies de flora protexida, ameazada ou de interese, dita dirección xeral sinala que a súa área de distribución no ámbito de actuación do proxecto, corresponde á incluída na cuadrícula 29NTH25 (UTM 10x10 km), do Inventario Español de Especies Terrestres. Dentro das especies incluídas atópanse *Cryphaea lamyana* e *Narcissus cyclamineus*, presentes no Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA) na categoría de vulnerable.

Entre a fauna inventariada nas anteditas cuadrículas 10x10 km, existen tamén varias especies recollidas no CGEA, 11 coa categoría de vulnerable (entre as que se atopan as aves *Circus pygargus* e *Scolopax rusticola*, os mamíferos *Myotis myotis*, *Rhinolophus ferrumequinum* e *Rhinolophus hipposideros*, os invertebrados *Geomalacus maculosus* e *Oxygastra curtisii*, o peixe *Alosa alosa* e os anfibios *Chioglossa lusitanica*, *Rana iberica* e *Rana temporaria*) e 4 en perigo de extinción (entre as que se atopan as aves *Milvus milvus*, *Gallinago gallinago* e *Vanellus vanellus* e o invetebrado *Margaritifera margaritifera*).

Entre a avifauna detectada nos traballos de campo efectuados polo promotor detectase a especie de ave preeira *Buteo buteo*. En canto aos quirópteros, identifícanse varias especies, entre as que se atopan *Barbastella barbastellus*, *Pipistrellus pipistrellus*, *Eptesicus serotinus* e, as especies incluídas no CGEA, *Rhinolophus ferrumequinum* e *Rhinoplohus hipposideros*.

No que respecta á paisaxe, o ámbito do proxecto sitúase na comarca paisaxística Terra de Santiago – A Barcala. O Catálogo das paisaxes de Galicia identifica, nun radio de 5 km, as áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) Carballeiras de San Cibrán, Portomouro e A Ponte Maceira. No que se refire aos miradoiros, localízase o de Santa Mariña a uns 3,3 km ao oeste do aeroxerador 5. En relación a outros valores, o trazado do Camiño de Santiago (Camiño de Fisterra- Muxía) discorre a uns 5 km ao sur do parque.

En canto ao patrimonio cultural, no ámbito de estudo identifícanse bens arqueolóxicos que poden verse afectados pola implantación do parque, entre os que se atopan os seguintes: Doumes de Arriba, igrexa románica de Paramos, Mámoa do Porto Rabeiro 1, Mámoa do Porto Rabeiro 2, Mámoa de Campo de Covas, Mámoa do Monte da Medorra 1, Monte da Medorra 2, Mámoa do Fondo do Val 1, Mámoa do Fondo do Val 2 e Petróglifo do Gavis, sendo os 3 últimos bens inéditos.

2. TRAMITACIÓN E ANÁLISE DO EXPEDIENTE

2.1. Resumo da tramitación

O 13.06.2019 Green Capital Power, S.L. formulou ante a entón Dirección Xeral de Enerxía e Minas unha solicitude de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial do parque eólico Vilartoxo, ao abeiro da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, presentando a documentación técnica correspondente.





Con data 19.07.2019 a antedita dirección xeral notificoulle ao promotor o cumprimento dos requisitos establecidos nos artigos 30 e 31 da Lei 8/2009, do 22 de decembro pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de compensación Ambiental, modificada pola disposición derradeira sétima da Lei 5/2017.

En canto ao trámite ambiental e como xa se sinalou, o proxecto sométese a avaliación de impacto ambiental (AIA) ordinaria conforme á Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

O 22.01.2020 a entón Dirección Xeral de Enerxía e Minas remítenos un oficio no que solicita que o órgano ambiental elabore o documento de alcance do estudo de impacto ambiental, ao abeiro do artigo 34 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, achegando o documento de inicio do proxecto.

O 21.02.2020 realízase unha solicitude de emenda do documento de inicio ante a entón Dirección Xeral de Enerxía e Minas, recibíndose a súa resposta o 06.04.2020, xunto á documentación correspondente.

Atendendo ao anterior, co obxecto de elaborar o dito documento de alcance, a entón Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, como órgano ambiental, iniciou o período de consultas previsto no antedito artigo 34. As administracións, organismos e entidades consultadas para os ditos efectos foron as seguintes:

- Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
- Dirección Xeral de Patrimonio Natural
- Instituto de Estudos do Territorio
- Dirección Xeral de Saúde Pública
- Dirección Xeral de Emerxencias e Interior
- Axencia Turismo de Galicia
- Augas de Galicia
- Concello da Baña
- Concello de Val do Dubra
- Federación Ecoloxista Galega
- Sociedade Galega de Historia Natural
- Sociedade Galega de Ornitoloxía

Unha vez finalizado o dito período de consultas, mediante oficio do 17.06.2020 a entón Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático remitiulle ao órgano substantivo o documento de alcance do EsIA cunha serie de consideracións sobre a amplitude e nivel de detalle do EsIA a elaborar polo promotor, con copia das respostas recibidas (Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Dirección Xeral de Saúde Pública, Instituto de Estudos do Territorio, Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, Axencia Turismo de Galicia, Augas de Galicia, Concello da Baña, Concello de Val do Dubra e a Sociedade Galega de Historia Natural), así como dunha achega dun particular.

Así mesmo, trasladáronse unha serie de indicacións sobre os trámites que tiña que realizar o órgano substantivo na avaliación de impacto ambiental ordinaria (información pública e a relación dos organismos a consultar sobre o EsIA) e o contido do expediente que no seu momento tería que remitir ao órgano ambiental para continuar coa tramitación de cara a formular a DIA.





Con data 14.12.2020 o promotor presenta unha solicitude de modificación substancial do parque eólico Vilartoxo. O 27.01.2021, notificásele á dita sociedade o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 31 Lei 8/2009, do 22 de decembro.

04.02.2021 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais solicitounos a relación de organismos e persoas interesadas aos que consultar conforme o artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

O 10.02.2021 contestóuselle indicando que a relación de organismos e persoas interesadas para cumprir co trámite de consultas establecido no artigo 37 da Lei 21/2013, era a xa indicada no oficio do 17.06.2020.

Mediante acordo do 30.08.2021, da Xefatura Territorial da Coruña (publicada no DOG núm. 172, do 07.09.2021), someteuse a información pública o EsIA, o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) e as solicitudes de autorización administrativa previa e autorización administrativa de construción do proxecto. Así mesmo, a dita dirección xeral efectuou o trámite de consultas sobre o estudo de impacto ambiental.

O 20.09.2021 recíbese neste servizo un informe da Axencia Turismo de Galicia en resposta ás consultas anteditas. O 22.09.2021 achegásele a dita resposta á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais para que poida ser tida en conta dentro do procedemento adecuado.

O 21.09.2022 recíbese na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático o expediente ambiental do proxecto, remitido pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais como órgano substantivo por razón da materia.

Xa iniciada a revisión e a análise técnica do expediente recibido, considerouse necesario completalo con informes da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, resposta adecuada do promotor ao informe da Dirección Xeral de Saúde Pública xunto ao informe do dito organismo en relación á resposta, addenda ao estudo de impacto ambiental (maio 2021) e solicitude de avaliación de impacto ambiental ordinaria. Esta eiva notificóuselle ao órgano substantivo mediante a correspondente solicitude de documentación de data 21.10.2022.

2.2. Resumo da análise técnica do expediente

O expediente de avaliación de impacto ambiental contén, entre outra documentación, o estudo de impacto ambiental (EsIA), o documento técnico do proxecto de execución, os anuncios e certificados de exposición pública, as alegacións ambientais e os informes recibidos como resultado dos trámites de información pública e de consultas sobre o EsIA ou documentación complementaria de ser o caso.

- En canto aos informes, pódese indicar o seguinte:

- A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural comeza informando dos antecedentes e feitos e da lexislación a considerar, para posteriormente, realizar unha análise da documentación remitida.

Seguidamente informa, entre outros, dos seguintes aspectos:





- Os elementos do patrimonio Mámoa do Fondo do Val 1 e Mámoa do Fondo do Val 2 ven afectado o seu contorno de protección pola gabiá de cableado e a rectificación do radio de xiro nos viarios de acceso ás máquinas 5 e 6.
- Existen indicios dunha posible mámoa ao NE do novo xacemento arqueolóxico Petróglifo de Gavis.
- En relación cos xacementos Mámoas 1 e 2 do Monte da Medorra, as fichas recollidas Anexo VII do EslA non conteñen datos actualizados sobre os devanditos bens patrimoniais.
- Prevese o acondicionamento do camiño forestal, que desmontou parcialmente as Mámoas 1 e 2 do Monte da Medorra, para acceder aos aeroxeradores 1, 2 e 3, o que implica a afección directa e crítica aos xacementos arqueolóxicos.
- A instalación do aeroxerador 3 a escasos 100m ao sur do Mámoa do Monte da Medorra 2, coa súa zona de voo a apenas 50m do límite da área de cautela delimitada polo PXOM da Baña para estes bens arqueolóxicos, modifica o entorno inmediato dos xacementos, polo que a cualificación do impacto a como moderado non é axeitada, sendo insuficientes as medidas correctoras (control arqueolóxico presencial) e compensatorias (roza e levantamento topográfico) propostas.

Finalmente considera necesario a presentación de nova documentación tendo en conta, entre outras, as seguintes consideracións:

- Deberanse facer as modificacións oportunas no deseño do proxecto eólico para evitar que se realice obra nova no entorno de protección dos xacementos Mámoa do Fondo do Val 1 e Mámoa do Fondo do Val 2.
- Presentaranse fichas actualizadas das Mámoas 1 e 2 do Monte da Medorra, e, se é o caso, modificarase a avaliación de impacto. Así como non se poderá utilizar o vieiro que afecta aos xacementos, ni executar a gabiá de cableado polo contorno de protección dos mesmos.
- Verificarase en campo a posible presenza de 3 bens arqueolóxicos.

Como resposta a ditas consideracións o promotor achega unha serie de escritos e o documento denominado *Memoria Refundida de evaluación del impacto sobre el patrimonio cultural del proyecto del parque eólico Vilartoxo y accesos exteriores, ayuntamientos de Ames, Brión, Negreira, A Baña y Val do Dubra (A Coruña). Maio 2022*, no que sinala, entre outras, unha serie de cambios no proxecto.

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emite un novo informe no que tras sinalar as modificacións realizadas polo promotor no proxecto debido ao anterior informe (modificación do viario e a gabiá de cableado que atravesaba a área de protección das mámoas do Monte da Medorra 1 e Monte da Medorra 2, e modificación do viario de acceso ao paso polo contorno de protección da Mámoa do Fondo do Val 1 e da Mámoa do Fondo do Val 2), informa de xeito favorable e establece as seguintes condicións:

- Manteranse as medidas complementarias establecidas no primeiro documento de avaliación de impacto patrimonial sobre os xacementos Mámoa do Monte da Medorra 1 e Mámoa do Monte da Medorra 2.
- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- Deberase elaborar un proxecto arqueolóxico previo inicio obras.





- Finalizadas as obras certificarase o estado dos elementos incluídos no patrimonio cultural.
- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar apareladas o control e seguimento arqueolóxico.
- Prestarase especial atención ás afeccións sobre os muros tradicionais que poidan existir na zona de obras e que non foron identificados polo arqueólogo na planimetría. Para iso, nas rozas e replanteo de accesos, plataformas, cimentacións e gabias de cableado estará presente o arqueólogo que leve a cabo o control e seguimento, para identificar axeitadamente os tramos de muros tradicionais de pedra en seco que poidan verse afectados polas obras. En todo caso, procurarase axustar as obras no replanteo para que as afeccións sexan as mínimas. Tamén baixo control arqueolóxico desmontaranse os tramos de muros onde sexa preciso, e durante as labores de restauración ambiental procederase á reintegración e remate axeitado dos tramos de muro que resulten afectados durante as obras.

Lembra que as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural.

- A Dirección Xeral de Patrimonio Natural tras expoñer os antecedentes administrativos, facer un resumo do proxecto e unha análise da documentación, conclúe que non é previsible que o proxecto xere efectos significativos, sendo compatible coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade, sempre e cando se teñan en conta as seguintes consideracións:

- O proxecto desenvolverase segundo se recolle na documentación achegada (EsIA).
- Os hábitats de interese comunitario existentes na contorna non poderán verse afectados directamente ou indirectamente polos traballos.
- Previo obra, comprobarase a ausencia de especies protexidas. De atoparse especies incluídas no CGEA, prohibese calquera actuación que lles afecte e comunicarse á Dirección Xeral de Patrimonio Natural.
- Se durante a execución do proxecto se detecta ou demostra calquera afección significativa sobre os valores naturais da zona, tomaranse as medidas adecuadas para paliar a dita afección e será, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural, quen decidirá sobre a conveniencia da solución a adoptar, así como as actuacións precisas ou as medidas compensatorias adecuadas para corrixir os efectos producidos.
- Deberanse incorporar medidas adicionais para minimizar o impacto por colisión de aves e quirópteros. No programa de vixilancia ambiental deberase avaliar a efectividade das mesmas, así como incorporar as condicións mínimas no relativo ao control da mortalidade por colisión destas especies (punto V do informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural). No que se refire ás medidas adicionais, deberase atender ao seguinte:
 - Para os quirópteros:
 - Restrinxirase a rotación das pas das turbinas por baixo da velocidade de réxime, determinando a velocidade do vento en buxe por baixo da cal os aerogeneradores permanecerán parados. No caso de querer operar a velocidades inferiores á velocidade de réxime, deberá realizarse un estudo sobre as frecuencias de voo de cada especie de morcego en función das condicións de operación (poderase entregar antes o despois da instalación do parque eólico).





- No plan de vixilancia ambiental informárase sobre os tempos que a velocidade do vento foi inferior ao limiar establecido e a porcentaxe en que os aeroxeradores permaneceron parados por este motivo.
- En canto ás aves:
 - Implementáranse tecnoloxías para reducir o impacto por colisións (sistemas de detección baseados en vídeo (DtBird® ou similar)), co fin de conseguir un seguimento das aves e mitigar a mortalidade mediante sons de alerta ou o paro das turbinas.
 - Como medida disuasoria pasiva, o pintado de aspas dos aeroxeradores. No plan de vixilancia ambiental medírase a mortalidade e comparárase coa mortalidade dos parques lindeiros (con aeroxeradores sen pintar).
- En relación ao lobo, no primeiro ano de funcionamento do parque eólico, débese remitir á Dirección Xeral de Patrimonio Natural un estudo sobre a presenza de lobos na área de influencia do proxecto, así como realizar unha avaliación e seguimento das afeccións da instalación eólica sobre a poboación desta especie.

O promotor envía un escrito no que da resposta aos aspectos citados no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

- O Instituto de Estudos do Territorio emite un informe no que, tras recoller os antecedentes e o marco legal, efectúa unha breve descrición do proxecto. Posteriormente sinala que as medidas de integración paisaxística contidas no estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), son en xeral, adecuadas, pero deberán completarse.

Considera que o proxecto provocará intrusión visual, principalmente os aeroxeradores e a torre anemométrica, ao ter unha alta visibilidade dende as zonas de val. Engade que a proximidade dos aeroxeradores e a súa dimensión poden producir unha certa interferencia nas vistas panorámicas desde o miradoiro de Santa Mariña, se ben os efectos non serán significativos.

Tamén, sinala, poden producirse impactos visuais como consecuencia da distancia aos núcleos de poboación, posto que existen distintos asentamentos localizados a menos dun quilómetro, como son os de Menlle de Arriba, Menlle de Abaixo, Bugalleira, Estebande ou Xermil.

Indica que a acumulación de proxectos eólicos, principalmente ao norte e oeste, provocarán un efecto sinérxico na paisaxe, diminuindo a calidade visual e estética das escenas.

Finalmente indica que o EIIP deberá axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, no Regulamento da Lei 7/2008, e nas Directrices de paisaxe, nos seguintes aspectos:

- De acordo co disposto no artigo 11.2d da Lei 7/2008 e no artigo 27.d do Regulamento da Lei 7/2008, debe xustificarse como se incorporaron ao proxecto os obxectivos de calidade paisaxística e as determinacións das directrices de paisaxe para as unidades de paisaxe afectadas, de acordo co que para tal efecto dispón o apartado 4.1 "Disposicións de carácter xeral" das Directrices de paisaxe de Galicia.





- Debe ampliarse a descrición e xustificación dos criterios e as medidas que se prevé adoptar para acadar a integración paisaxística do proxecto, de acordo co disposto no artigo 30 do Regulamento da Lei 7/2008 e nas normas e recomendacións das Directrices de paisaxe que resulten de aplicación, entre as que cabe destacar neste caso as seguintes:
 - No caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual. Nestes casos estudarase a posibilidade de realizar plantacións arbóreas nas proximidades dos núcleos, consensuadas cos seus habitantes. (DX.20.c).
 - En relación coa pantalla vexetal prevista para atenuar a visibilidade do centro de seccionamento, deberánse empregar especies arbóreas ou arbustivas autóctonas (DX.20.i) .

Como resposta a ditas consideracións o promotor achega unha serie de escritos e o documento denominado *Respuesta al informe emitido por el Instituto de Estudios do Territorio PE Vilartoxo*.

Nun segundo informe, o Instituto de Estudios do Territorio, á vista da documentación adicional presentada, considera que pode considerarse cumprimentado o disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG, dando resposta ás consideracións efectuadas nos anteriores informes do IET. Finaliza sinalando que a incidencia visual provocada polos aeroxeradores, aínda que non pode ser mitigada con medidas correctoras agás nos núcleos rurais, non supón un impacto crítico.

- Augas de Galicia, na súa resposta, comeza informando dos antecedentes e da lexislación aplicable, para pasar a realizar unha descrición breve das obras do parque eólico.

A continuación procede a informar da normativa de aplicación, da necesidade de solicitar autorización administrativa do organismo de conca e das principais afeccións do proxecto á rede hidrográfica.

Sinala que constan 3 captacións inscritas na contorna de ámbito de actuación.

Finalmente inclúe unha serie de condicións máis xerais encamiñadas a reducir ou evitar o arrastre de sedimentos aos leitos dos ríos durante os movementos de terras e polo tránsito da maquinaria, para impedir a contaminación das augas superficiais ou subterráneas pola acumulación de substancias, e recalca que se deberá ter especial coidado de non afectar aos niveis freáticos que puideran alterar captación existentes, especialmente, na execución dos alicerces e das gabias.

Conclúe que non é previsible que o proxecto poida causar impactos ambientais significativos, tendo en conta as medidas protectoras e correctoras que o promotor prevé adoptar no documento ambiental presentado e as consideracións a tal efecto referidas no seu informe.





- A Dirección Xeral de Saúde Pública emite un extenso informe no que realiza unha avaliación do proxecto desde os seguintes puntos de vista: caracterización da poboación en situación de risco, determinación dos potenciais perigos e identificación das posibles vías de exposición. Tras expoñer unha serie de consideracións referidas ao contido da documentación achegada polo promotor, conclúe que non se recolle información ou esta é insuficiente para algúns aspectos que poden ter repercusións sobre a saúde da poboación, polo que considera oportuno que o promotor a complete no que atinxe ao seguinte:

- Ao respecto do estudo preoperacional presentado, teranse en conta os núcleos con edificacións a unha distancia de 425 m aeroxerador 6 en Xermil, 554 m do aeroxerador 1 e 593 m do aeroxerador 1 en Menlle de Arriba, 580 m do aeroxerador 3 en Bugalleiras e 625 m do aeroxerador 4 en Madorra.
- Non se presenta unha estimación teórica dos niveis de presión sonora durante a fase de obras, en relación aos limiares de protección establecidos para a poboación para poder prever que non se sobrepasará o límite máximo mestablecido pola lexislación.
- Ao respecto dos estudos acústicos presentados, o ámbito onde se sitúa o parque eólico abarca tamén o concello de Val do Dubra, o cal posúe Normas subsidiarias de planeamento, polo que deberán cumprirse os valores límite indicados no RD 1367/2007.
- De dispoñer de sistema de auga quente sanitaria, deberán cumprirse os requisitos establecidos no Real decreto 865/2003, de 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e o control da lexióne.
- Non menciona o emprego de fitosanitarios (herbicidas), que no caso da súa utilización cumprírase a normativa vixente referente á comercialización e empregos destes ou a alternativas aos mesmos de ser o caso.
- Indican que o número de receptores sensibles avaliados ao respecto do efecto sombra queda suxeito a súa verificación, así como a posible identificación de receptores adicionais illados e fora das áreas proporcionadas. A este respecto destácase por exemplo que nos núcleos de Novexilde e Vilacova non foron ubicados receptores para a súa análise. Refírese que as medidas necesarias para mitigar ou eliminar por completo o efecto, quedan suxeitas a acordos cos propietarios afectados (instalación de barreiras físicas, persianas, cortinas, etc.) ou a consideración de paradas técnicas. No caso en que a disposición dos aeroxeradores varíe avalíase de novo os efectos de sombra. Respecto aos posibles efectos sinérxicos ou acumulativos de parpadeo deberá estimarse a súa influencia com respecto a outros parque eólicos próximos.

En contestación ao dito informe o promotor achega un escrito e o documento denominado *Respuesta al informe emitido por la Dirección Xeral de Saúde Pública. P.E. Vilartoxo* para dar resposta ao solicitado pola dita dirección xeral. Sobre esa nova versión, a Dirección Xeral de Saúde Pública emite un segundo informe no que considera satisfeitos a maioría dos requirimentos feitos no informe previo, non obstante, considera necesario que se aporte información acerca dos valores acústicos estimados acadados nos puntos de control en situación operacional do parque eólico a partir dos valores determinados como valores de base de ditos puntos de control no estudo preoperacional "in situ".

- A Axencia Turismo de Galicia emite un informe no que tras analizar todos os posibles impactos que o proxecto puidese xerar, conclúe que o impacto no turismo rural local así como na súa contorna é reducido.





- A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, emite un informe en virtude do artigo 37.2.f) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental en relación aos efectos derivados da vulnerabilidade do proxecto do parque eólico Vilartoxo. Tras a revisión da documentación achegada, estima que o risco de accidentes graves ou catástrofes é baixo.
- O Concello da Baña emite un informe técnico sobre a compatibilidade urbanística. de actuación e tras informar dunha serie de afeccións, conclúe que o proxecto de execución do parque eólico Vilartoxo. Dito informe foi contestado polo promotor.
- O Concello de Val do Dubra, tras facer un resumo do proxecto, informa das clasificacións urbanísticas do solo afectado e sobre as afeccións a zonas de concentración parcelaria e a bens catalogados no Plan Básico Autonómico. Finalmente solicita ao promotor que se detallen os totais de volume e superficie de vías públicas municipais afectadas. Dito informe foi contestado polo promotor.

Para todos os informes antes indicados constan no expediente escritos do promotor de conformidade ou de resposta ao seu contido..

Así mesmo, consta informe da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, na súa condición de unidade tramitadora do órgano substantivo, que recolle un resumo da tramitación practicada no expediente, un resumo das características técnicas do proxecto e os resultados da información pública no que se refire aos informes para a avaliación ambiental e sobre o proxecto sectorial, así como ás alegacións recibidas.

• No tocante a alegacións con contido ambiental, no expediente constan as presentadas por 10 asociacións ou organizacións, 2 concellos e 362 particulares.

Unha parte do contido de varias das alegacións non reviste carácter ambiental, referíndose a cuestións alleas ao ámbito competencial do órgano ambiental (afeccións desde o punto de vista urbanístico, afección a explotacións forestais, madeiras e agro-gandeiras,...) que de ser o caso son obxecto doutras fases da tramitación por parte do órgano substantivo de cara ao outorgamento da autorización administrativa do proxecto, ou ben non atinxe á tramitación da avaliación de impacto ambiental de proxectos de cara á formulación da declaración de impacto ambiental.

No que se refire exclusivamente aos aspectos que poden atinxir a avaliación de impacto ambiental de proxectos (impacto ambiental en xeral, incidencia sobre os núcleos de poboación, afeccións ao patrimonio cultural, impacto paisaxístico, afeccións á vexetación, á fauna (aves, lobo etc), hábitats naturais e biodiversidade, impacto acústico e electromagnético, calidade das augas, etc.), e sen prexuízo das aclaracións ou informacións achegadas polo promotor nas súas respostas ás ditas alegacións, cabe referirse aquí ao recollido neste mesmo apartado 2 da DIA en relación cos informes emitidos polos organismos sectoriais con competencias nas materias aludidas, á documentación complementaria que se incorporou ao expediente ao longo da tramitación, ao condicionado do apartado 4, ao programa de vixilancia e seguimento ambiental do apartado 5 e á propia consideración final da DIA respecto da viabilidade ambiental do proxecto co cumprimento das condicións e medidas que se establecen ao longo deste documento ademais das que figuran no EsIA e a restante documentación avaliada no marco do trámite ambiental.





3. ÁMBITO DA DIA

Unha vez efectuada a análise do expediente, cabe indicar que o proxecto do parque eólico Vilartoxo consiste na instalación e explotación dun parque eólico de 27 MW de potencia total nos concellos de Val do Dubra e A Baña (A Coruña), constituído por 6 aerogeradores de 4,5 MW de potencia nominal unitaria, que se localizarán dentro do polígono definido polas seguintes coordenadas UTM (ETRS89, fuso 29):

Vértices poligonal	UTM X	UTM Y
1	523.719	4.759.820
2	526.876	4.759.820
3	526.876	4.754.727
4	523.719	4.754.727

A localización dos aerogeradores e demais infraestrutura asociada ao parque eólico será a que se recolle no plano *Parque eólico. Implantación sobre ortofoto 1:5.000* do documento *Parque eólico Vilartoxo 27 MW. Estudio de impacto ambiental. Rev 1. Mayo 2021*.

4. CONDICIÓN AMBIENTAIS

4.1. Condicións particulares

1. Considerando o exposto no apartado 2. *Tramitación e análise do expediente*, establécese como condicionado particular para o desenvolvemento do proxecto o cumprimento do contido dos informes que constan no expediente, ademais do recollido no EsIA, nas súas addendas e na restante documentación avaliada, tendo en conta que as condicións ou medidas dos informes prevalecerán fronte as do estudo ambiental ou a restante documentación no caso de contradición entre elas e que, en todo caso, calquera condición desta DIA prevalece fronte ás anteriores.

2. Segundo o informado pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural, o promotor deberá elaborar unha proposta detallada referente ás medidas adicionais sinaladas nos seus informes para garantir a minimización do impacto por colisión en aves (pintado das aspas dos aerogeneradores de acordo cos criterios establecidos pola antedita dirección xeral e uso de tecnoloxías de redución do impacto por colisión) e quirópteros (restringir a rotación das pas), así como ás actuacións a desenvolver no marco do programa de vixilancia ambiental para verificar a eficacia das ditas medidas.

O documento que elabore o promotor para dar cumprimento ao anterior deberá contar, previamente ao inicio das obras, co informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

O órgano substantivo achegará a este órgano ambiental, exclusivamente para a súa constancia no expediente, unha copia do dito informe e da documentación na que se basee, de acordo co requirido na condición 4.3.3 da DIA.





3. En canto á posible afección do proxecto sobre a poboación e a saúde humana en relación co efecto *parpadeo de sombras* (*shadow flicker*) durante a fase de funcionamento do parque, nos potenciais receptores non se poderán superar os limiares de exposición que en cada momento estableza a autoridade competente ou normas que o regulen, téndose que adoptar as medidas mitigadoras oportunas (por exemplo, instalación de barreiras ou pantallas) ou programar paradas temporais dos aeroxeradores implicados no caso de que se supere o limiar recomendado.

Neste sentido, levarase a cabo un seguimento da posible incidencia deste efecto sobre os receptores considerados, recollendo os seus resultados nos informes do programa de vixilancia ambiental segundo se indica no punto 5.3 da DIA.

4. O promotor deberá depositar un aval para garantir o cumprimento das medidas correctoras e responder da reparación dos posibles danos que se lle poidan causar ao medio ambiente e do custo da restauración, conforme o disposto no Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental.

Proponse como importe do aval, que será actualizable e deberá fixar o órgano substantivo, a cantidade de 376.834 euros, dos cales 161.500 corresponden á fase de obras e 215.334 á fase de desmantelamento e abandono do parque eólico.

Para a cancelación do dito aval será preciso o informe favorable do órgano ambiental, logo do levantamento dunha acta de comprobación pola inspección ambiental conforme establece o referido Decreto 455/1996.

A solicitude de cancelación realizarase a través do órgano substantivo, e só se poderá efectuar unha vez estean totalmente rematados os labores de restauración e integración paisaxística e logo de que o promotor acredite, mediante os informes do programa de vixilancia ambiental e calquera outra documentación que se considere oportuna de ser o caso, a suficiencia e o éxito dos traballos efectuados, tanto os referentes á restauración (coa vexetación debidamente implantada) como ás demais actuacións relacionadas coa imposición do aval ambiental.

4.2. Condicións xerais

Ademais do condicionado establecido no punto anterior, ao proxecto seranlle de aplicación, segundo proceda, as seguintes condicións que complementan, matizan ou subliñan as anteriormente indicadas:

4.2.1 Protección da atmosfera

1. Co fin de minimizar a emisión de po durante a fase de obras, nos períodos de seca procederase á rega dos vieiros e das superficies onde se estean a realizar escavacións ou movementos de terras. Ao comezo das obras deberán terse dispostos na zona os medios necesarios para tal fin.

2. Os camións que transporten terras ou outros materiais que poidan xerar po deberán ir cubertos con lonas ou dispositivo similar. Así mesmo procederase, no caso de ser necesario, ao lavado das rodas dos camións á saída da zona de obras.





3. Os niveis de presión sonora debidos á construción e funcionamento do parque deberán cumprir coa normativa vixente, tendo en conta que no caso de que se superen os límites legalmente establecidos teranse que adoptar as medidas protectoras ou correctoras oportunas (emprego de mantas de goma durante as voaduras, incremento do illamento dos equipos, correcto mantemento das instalacións, pantallas de illamento acústico, etc).

Para tal fin, tanto na fase de obras como na de funcionamento do parque o promotor levará cabo un plan de seguimento do nivel de ruído ao abeiro do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia de desenvolvemento da normativa básica estatal en materia de ruído, por unha entidade acreditada polo organismo nacional de acreditación (ENAC) como laboratorio de ensaios acústicos ou como entidade acreditada, en ambos casos, no ámbito do ruído ambiental, tendo en conta os aspectos que se indican no punto 5.2 desta DIA.

4.2.2 Protección das augas e leitos fluviais

1. Toda actuación ou afección no dominio público hidráulico ou na zona de servidume e policía de leitos, incluíndo zonas de fluxo preferente e zonas asolagables así como calquera captación ou vertedura se é o caso, precisarán da autorización ou permiso do organismo de cunca competente, que deberá ser solicitada e obtida polo promotor previamente ao inicio das obras.

En calquera caso, deberán terse en conta en todo momento as limitacións e demais prescricións establecidas no Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas e no Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RD 849/1986, do 11 de abril), así como na Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia e, no que sexa aplicable, o Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, e demais normativa que resulte de aplicación, entre ela as disposicións normativas dos plans hidrolóxicos.

2. En calquera zona onde poida existir risco de desencadeamento de procesos erosivos, de incorporación de sólidos ás augas e/ou de modificación do réxime hídrico, extremaranse as precaucións na execución e control das obras e na adopción das medidas protectoras, correctoras e de vixilancia ambiental que figuren na documentación avaliada, así como as que se deriven desta DIA e calquera outra que resulte necesaria para a preservación do dominio público hidráulico e a calidade das súas augas.

Neste sentido, conforme avance a obra procederase a estabilizar os noiros de desmonte e/ou terraplén que se xeren, co obxecto de previr fenómenos erosivos e a incorporación de sólidos ás augas. Porase especial coidado na adopción das medidas fronte os arrastres e escorregamentos, tal e como se establece no punto 4.2.3.5 da DIA.

3. A calidade das augas manterase de xeito que, co motivo das obras, non diminúa respecto da existente antes do inicio destas. Non está permitido o lavado de maquinaria e utillaxe nos cursos de auga nin en ningún outro elemento do dominio público hidráulico. Prohíbese a vertedura directa ou indirecta de augas ou produtos residuais susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do dominio público hidráulico sen a correspondente autorización de vertedura.





Para tal fin, tanto na fase de obras como ao final destas ata que se constate ausencia de afeccións, levarase a cabo un plan de control da calidade das augas.

4. Non se acumularán substancias, calquera que sexa a súa natureza e lugar en que se depositen, que constitúan ou poidan constituír un perigo de contaminación das augas (superficiais ou subterráneas) do dominio público hidráulico e/ou degradación do seu contorno.

Polo que durante a execución dos traballos non se poderán utilizar as marxes dos ríos e ribeiras como lugares para o depósito de materiais, parque de maquinaria, lavados e, en xeral, todas aquelas actividades que supoñan un risco de contaminación das augas ou alteracións do ecosistema asociado.

5. Non se afectarán, ou de ser o caso terán que ser repostas na súa totalidade, as instalacións ou servizos de abastecemento de auga, saneamento ou calquera outro amparado pola lexislación hidráulica que se poidan atopar na área de influencia das obras, téndose que garantir a compatibilidade da actuación cos usos preexistentes. De igual xeito, respectaranse as fontes e mananciais que puideran existir na zona.

Neste sentido, na execución dos alicerces e das gabias do cableado haberase de considerar non afectar á modificación dos niveis freáticos que puideran alterar captacións existentes, aínda que estas non presentaran aparencia de afectación.

6. Na rede viaria do parque disporanse as estruturas de drenaxe transversal e lonxitudinal necesarias para non modificar o actual réxime hidrolóxico da zona e permitir a libre circulación das augas. Evitarase a xeración de zonas asolagadas, o trasvase de auga dunha microcunca a outra ou a concentración de grandes fluxos de auga en valgadas con escasa capacidade de acollida.

A incorporación das augas procedentes da rede de drenaxe do parque cara o dominio público hidráulico deberá ser gradual, polo que á saída das drenaxes transversais e nos puntos onde a auga das cunetas se incorpore ao terreo, así como nos tramos de cuneta en zonas de elevada pendente, dispoñeranse sistemas protectores e/ou de disipación de enerxía co fin de evitar fenómenos erosivos, arrastres de materiais, deposición de sólidos ou asolagamentos na traxectoria de incorporación das augas aos cursos naturais.

Tanto na fase de obras como na de explotación do parque, realizarase un control do correcto funcionamento desta rede de drenaxes, do estado dos dispositivos de disipación de enerxía e das condicións de incorporación das augas de drenaxe á rede natural, téndose que adoptar as medidas protectoras e correctoras oportunas no caso de producirse os citados fenómenos. Así mesmo, esta rede de drenaxes será obxecto dos oportunos labores de mantemento para garantir a súa operatividade.

Para tal fin, o promotor deberá contar cun plan de control da rede de drenaxes do parque, incorporándoo ao programa de vixilancia ambiental segundo se desprende do punto 5 desta DIA.

7. O formigón necesario para a execución do proxecto será provisto desde planta ou plantas localizadas fóra da obra e que contén coas debidas autorizacións.





8. A limpeza das cubas das formigoneiras realizarase nas plantas subministradoras sempre que sexa posible. De non ser así, poderá habilitarse unha balsa para tal fin, que deberá estar adecuadamente impermeabilizada e afastada de cursos fluviais. Os restos nela almacenados deberán entregarse a un xestor autorizado ou, no caso de que se pretenda a súa vertedura ao medio, deberá obterse a correspondente autorización de vertedura.

4.2.3 Protección do solo e infraestruturas

1. Levarase a cabo un control topográfico preciso dos límites das zonas de obra e da localización de todas as infraestruturas e instalacións proxectadas, que se axustarán ao establecido nesta DIA. Non se poderá ocupar terreos fóra dos previstos.

2. Delimitaranse as distintas zonas de obra mediante o seu balizamento, que deberá manterse en perfecto estado durante o transcurso da actuación e ser retirado cando esta finalice.

3. Con carácter xeral, non se efectuarán préstamos na zona salvo xustificación previa, en cuxo caso seleccionaranse zonas que xa vaian ser afectadas polas obras ou, no seu defecto, lugares carentes de valores ambientais ou paisaxísticos relevantes. En todo caso, os préstamos deberán ter a súa procedencia debidamente acreditada e os ocios resultantes serán restaurados ao finalizar a obra.

4. No caso de ter que realizar algún depósito de sobrantes de escavación que non poidan ser empregados na propia obra, o promotor deberá contar cos permisos ou autorizacións que resulten oportunos, e proceder á súa restauración e revexetación unha vez rematada a obra.

5. Cando se executen obras en zonas de elevada pendente deberán dispoñer mallas antiescorrega ou calquera outra medida adecuada para evitar o arrastre ou rodadura de materiais ladeira abaixo. O estado e a operatividade dos dispositivos antiescorrega será obxecto de control exhaustivo durante a execución das obras. En calquera caso, de producirse arrastres, deberán ser retirados e depositados nun lugar autorizado e a zona devolta ao seu estado orixinal.

6. Adoptaranse as medidas de seguridade necesarias para evitar derramos accidentais de produtos contaminantes como aceites, graxas e carburantes de motores.

7. No caso de ter que realizar voaduras, disporanse os medios necesarios (redes, lonas, ...) para evitar a proxección de fragmentos de rocha ao contorno. En calquera caso, se estes se producisen, deberán retirarse da zona e ser depositados nun lugar autorizado.

8. A circulación de vehículos e maquinaria no parque, tanto na fase de obra como na de funcionamento, restrinxirase unicamente aos vieiros e zonas acondicionadas para o efecto (áreas de manobra).

9. Os elementos do parque non poderán supoñer un obstáculo para o normal uso das pistas ou devasas que puideran existir na zona, debéndose garantir a súa operatividade.

10. Manterase a permeabilidade territorial da zona, conservando os servizos e servidumes de paso que existan na actualidade. Se durante as obras fose preciso cortar o paso dalgunha vía, deberán implementarse rutas alternativas que presten o mesmo servizo.





11. No caso de deterioración de estradas, camiños ou calquera outra infraestrutura, instalación ou servizo preexistente debido á execución da actuación, deberá restituírse a súa calidade e funcionalidade aos niveis previos ao inicio das obras.

4.2.4 Xestión de residuos

1. Todos os residuos que se xeren como consecuencia da construción, explotación e desmantelamento do parque eólico deberán xestionarse en función da súa natureza e conforme á lexislación vixente, primando a reciclaxe e a reutilización fronte á vertedura.

2. Para a zona destinada a casetas de obra, parque de maquinaria, acopios de materiais, etcétera, deberá seleccionarse unha localización de baixo valor ambiental, escasa pendente e afastada de calquera curso de auga, hábitats de interese comunitario ou área de protección arqueolóxica.

A dita zona deberá estar dotada das medidas necesarias para evitar a contaminación do solo e das augas e dispoñer dos medios adecuados para a recollida de posibles verteduras. As casetas de obra deberán dispoñer dun sistema estanco de tratamento químico das augas residuais.

Así mesmo, co obxecto de evitar a dispersión de accións potencialmente contaminadoras e favorecer un adecuado control ambiental, no caso de que finalmente sexa necesario dispoñer dunha área de limpeza das cubas das formigoneiras tendo en conta o sinalado na condición 4.2.2.8, esta localizarase preferiblemente na zona dedicada ás instalacións de obra.

3. Os labores de limpeza, mantemento e reparación da maquinaria durante a fase de obras realízanse preferiblemente en talleres autorizados, eliminando así o risco de derramos accidentais de substancias contaminantes. Cando isto non sexa posible polas características da maquinaria (con mobilidade restrinxida ou non apta para circular por estrada), estas tarefas poderanse realizar na zona destinada a instalacións de obra, que deberá estar adecuadamente dotada segundo o establecido na condición anterior.

4. O almacenamento temporal de residuos ata a súa entrega a xestor autorizado realízase na área de casetas de obra/parque de maquinaria durante a fase de obras, e no recinto contemplado polo promotor no ESIa durante a fase de funcionamento. Sinalízase claramente a presenza dos distintos tipos de residuos e cúmpriase en todo momento coas normas de almacenamento establecidas na lexislación vixente.

5. Antes do inicio da fase de explotación deberán terse retirado e xestionado a totalidade dos residuos xerados durante a execución das obras.

4.2.5 Protección da fauna, vexetación e hábitats naturais

Con carácter xeral, no desenvolvemento do proxecto garantírase que non se vexan afectados compoñentes do medio natural (tal que as especies de flora e fauna ou os hábitats naturais) que gocen dun réxime de protección legal, atendendo ao disposto nas leis 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade e 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, sen prexuízo de calquera outra normativa que lles resulte de aplicación.





4.2.5.1 Sobre a fauna

1. Para levar a cabo os labores de corta e roza de vexetación, así como os movementos de terras, escolleranse datas fóra das épocas de nidificación e cría da fauna máis sensible a este tipo de actuacións (prestando especial atención á que puidera gozar dalgún réxime de protección legal), adoptando en todo caso as medidas necesarias para non alterar á fauna.

2. Previamente aos labores de corta de arboredo verificarase a ausencia de avifauna nidificante de interese nos pés implicados. En caso de presenza, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor. Atenderase especialmente á presenza de aves rapaces ou calquera outra especie que ostente figuras legais de protección ou apareza recollida en listaxes ou libros vermellos que poñan de manifesto a importancia da súa conservación.

3. Se entre as aves rapaces que poidan facer uso da zona do parque se atopasen rapinas do xénero *Circus* (tartaraña cincenta *Circus pygargus* e gatafornela *Circus cyaneus*, catalogadas como vulnerables no CGEA), que nidifican sobre o solo en ambientes de matogueira ou mixtos con pasteiros e polo tanto son susceptibles de verse afectadas polas obras, previamente aos labores de roza da vexetación levaranse a cabo as comprobacións necesarias para determinar a existencia ou non de parellas reprodutoras na área de afección directa das infraestruturas e instalacións proxectadas.

No caso de detectar a súa nidificación na zona afectada polas obras, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor, incluíndo o establecemento dun perímetro de exclusión duns 500 m de radio en torno ao niño, onde se evitará calquera actuación ata a finalización do período reprodutor (podendo continuar coas obras noutra zona do parque) e outro perímetro de seguridade de 500 m, onde se limitarán ao máximo as actuacións co obxecto de garantir a tranquilidade das aves.

4. Para aquelas especies de fauna que contén cun plan de recuperación, conservación ou xestión, adoptaranse as medidas e actuacións recollidas na dita planificación, cando proceda.

5. Adoptaranse as medidas necesarias para minimizar o potencial impacto da rede viaria do parque sobre a pequena fauna (réptiles, anfibios, micromamíferos...), tanto polo risco de atropelo como polo efecto barreira, así como para garantir que as obras de drenaxe e outras estruturas non supoñan unha trampa para a dita fauna.

Ademais, no caso de que nalgún dos vieiros do parque sexa necesario colocar pasos canadenses para impedir o paso de gando, estes deberán ir dotados de medidas que posibiliten o escape dos pequenos animais que poidan caer ao foxo. As ditas medidas poden consistir, sen prexuízo doutras igualmente efectivas, en dotar ao foxo dunha rampla de subida da fauna (con superficie rugosa e pendente suave), abrir un ou dous laterais do foxo ou darlle saída ao exterior mediante unha tubaxe de diámetro suficiente (mínimo 40 cm).

Así mesmo, levaranse a cabo os controis oportunos para verificar a eficacia das medidas adoptadas e detectar a existencia ou non de afeccións sobre a pequena fauna (incluíndo, de instalarse pasos canadenses, controis de mortalidade nos foxos), incorporando este seguimento ao programa de vixilancia ambiental segundo se desprende do punto 5 desta DIA.





6. Respecto á avifauna e os morcegos, realizaranse comprobacións periódicas que permitan determinar a existencia ou non de afeccións sobre os seus efectivos poboacionais e detectar cambios no comportamento e usos do hábitat producidos pola instalación e/ou presenza dos aeroxeradores.

No caso de que se detecte unha incidencia negativa, adoptaranse as medidas necesarias para corrixir a dita situación, entre as que se poden considerar, sen prexuízo doutras, un incremento da frecuencia do seguimento, eliminación de gando morto (ou cubrición ata a súa retirada) para evitar atracción de aves preeiras, parada de máquinas en días con condicións meteorolóxicas moi desfavorables e de baixa visibilidade, evitar a rotación das pas en horarios (ocaso e primeiras horas da noite), épocas do ano e condicións meteorolóxicas (baixas velocidades do vento, etc) de maior actividade de quirópteros, eliminación ou relocalización de aeroxeradores conflitivos, etcétera.

No caso concreto das especies preeiras, estarase ao disposto na Resolución do 21 de marzo de 2014 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas pola que se establecen determinadas medidas para previr as colisións de aves nos parques eólicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para tal fin, o promotor deberá levar a cabo un plan de seguimento da avifauna e quirópteros de acordo co sinalado no punto 5.2 da DIA.

7. Así mesmo, levarase a cabo un seguimento da posible aparición de efectos acumulativos (aditivos ou sinérgicos) sobre a avifauna e os quirópteros entre os parques eólicos que existan no contorno no momento en que este parque eólico entre en funcionamento (fosen ou non considerados na documentación avaliada). Teranse en conta tamén as súas infraestruturas de evacuación de enerxía se fora o caso. Este seguimento realizarase mediante a valoración conxunta dos resultados dos seus respectivos plans de vixilancia, téndose que adoptar as medidas protectoras e/ou correctoras oportunas no caso de producirse a aparición deste tipo de efectos.

4.2.5.2 Sobre a vexetación e os hábitats naturais

1. Con carácter xeral, a eliminación da vexetación reducirase ao estritamente necesario para a execución do proxecto. Empregaranse sistemas mecánicos, non facendo uso do lume nin de fitocidas.

2. A corta de arboredo limitarase ao imprescindible, lembrando que previamente terá que presentar a declaración ou solicitar a autorización segundo corresponda, así como a comunicación final ao remate do aproveitamento de ser o caso, en función do disposto na normativa de aplicación.

3. A realización dos aproveitamentos madeireiros implicará a extracción ou trituración da biomasa forestal residual, agás por razóns xustificadas ou aquelas outras establecidas consonte a lexislación en materia de montes.

4. Na xestión da biomasa vexetal eliminada primarase a súa valorización, evitando a queima in situ destes restos, que de ser o caso terá que contar coa preceptiva autorización. En calquera caso, terase presente a lexislación sectorial en materia forestal e de prevención e defensa contra os incendios forestais.





Neste contexto, no caso de optar pola extracción da biomasa forestal residual deberá garantirse a permanencia no monte ou terreo forestal dos restos forestais de menor tamaño nunha porcentaxe do 50 % sobre o total que se vai extraer. Unha vez executado o aproveitamento, en casos de corta final, deberán realizarse as actuacións necesarias encamiñadas á rexeneración da superficie afectada. No caso de que sexa depositada sobre o terreo, procederase a súa trituración e espaxamento homoxéneo, para permitir unha rápida incorporación ao solo, diminuír o risco de incendios forestais e evitar a aparición de enfermidades ou pragas.

5. Adoptaranse as medidas necesarias para eliminar riscos de incendios, tanto na fase de obras como na de funcionamento do parque.

6. Para garantir a non afección e a conservación das especies de flora ameazada que puideran estar presentes na zona de actuación, adoptaranse as medidas preventivas oportunas (balizamento perimetral da súa localización, delimitación das áreas de presenza nos planos de obra, seguimento do estado de conservación dos exemplares e das medidas adoptadas, etc.) e de ser o caso, as medidas correctoras ou compensatorias necesarias. Así mesmo, levaranse a cabo os controis oportunos para verificar a eficacia das medidas adoptadas e detectar a existencia ou non de afeccións sobre as ditas especies, incorporando este seguimento ao programa de vixilancia ambiental segundo se desprende do punto 5 desta DIA.

7. En canto aos hábitats naturais, e co fin de garantir que as actuacións sexan compatibles coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade, prestarase especial atención, sen prexuízo doutras, ás medidas de control sobre a afección a solos e vexetación que figuran nesta DIA, balizando adecuadamente as distintas zonas de obra e evitando afeccións non previstas.

8. Adoptaranse medidas preventivas para minimizar o risco de introdución de especies invasoras como consecuencia da execución do proxecto (información ao persoal de obra, limpeza previa da maquinaria, control da procedencia dos préstamos, emprego de especies autóctonas na revexetación,...). No programa de vixilancia ambiental incorporaranse os controis oportunos para acadar unha detección precoz desta situación. No caso de que se confirme a introdución, adoptaranse medidas de resposta rápida para erradicalas.

4.2.6 Integración paisaxística e restauración

1. Adoptaranse medidas que maximicen a integración paisaxística da actuación proxectada. Nos traballos de execución e acondicionamento dos vieiros do parque minimizaranse os movementos de terras e coidarase que o firme contraste o menos posible coa contorna.

2. Se na zona existen afloramentos rochosos con interese xeomorfolóxico ou paisaxístico deberán ser respectados, sen que se vexan afectados polas obras.





3. Todas as superficies alteradas ou deterioradas pola execución das obras (marxes dos vieiros, contorno das obras de drenaxe, gabias do cableado, plataformas de montaxe dos aeroxeradores -que deberán ser revexetadas en toda a súa extensión, podéndose deixar un camiño de acceso ata a porta do aeroxerador para os vehículos de mantemento ordinario-, contorno das torres meteorolóxicas, área/s de casetas de obra e parque de maquinaria, zonas de amoreamento de materiais ou residuos, áreas de préstamo e/ou vertedura de excedentes dos movementos de terras se fora o caso...) deberán ser restauradas e revexetadas en función do tipo de terreo do que se trate, co obxecto de favorecer a recuperación do solo e a reinstalación da vexetación orixinal.

Para tal fin, nas actuacións de restauración e revexetación a levar a cabo teranse en conta as seguintes consideracións:

- Co fin de evitar fenómenos erosivos e lograr o máis pronto posible a integración paisaxística das zonas alteradas polas obras, os labores de restauración e revexetación deberán realizarse, na medida do posible, paralelamente ao avance das obras, conforme as distintas superficies a restaurar acaden o seu estado definitivo.
- No caso de precisar achegas externas de terra vexetal por non ser suficiente a retirada na obra, esta non se poderá extraer de áreas onde se atope consolidada e integrada no medio, debendo proceder de amoreamentos ou zonas debidamente autorizadas e que teñan características similares ás do terreo a restaurar, tanto desde o punto de vista edafolóxico como respecto das especies vexetais presentes.
- No que respecta á sementeira, a mestura deberá conter necesariamente especies arbustivas e leguminosas, sen prexuízo das de crecemento rápido que se consideren apropiadas para a zona. A proporción de cada grupo de especies na mestura axustarase, con carácter xeral, ás seguintes porcentaxes: 70% para o conxunto de gramíneas, 15% para as leguminosas e 15% para as arbustivas. A dose a empregar será como mínimo de 30 gr/m² (300 kg/ha).
- A restauración que se faga deberá atender a criterios de coherencia ecolóxica e paisaxística. Todas as especies a empregar na restauración deberán ser autóctonas, preferentemente existentes na zona, compatibles co hábitat no que se vaian implantar e compatibles entre si, co obxecto de maximizar o éxito e integración da restauración.
- Realizarase un seguimento da efectividade dos labores de restauración e revexetación e procederase á reposición das calvas e/ou marras que puideran aparecer nas sementeiras, hidrosementeiras e/ou plantacións efectuadas. Incrementarase a intensidade deste seguimento no caso de que se detecten dificultades para o desenvolvemento da vexetación e levaranse a cabo actuacións adicionais de restauración se o éxito desta non é o axeitado.

4. Unha vez finalizada a vida útil das unidades do parque eólico, ou ben no caso de que quedase definitivamente fóra de servizo por calquera causa, ao longo da fase de abandono levaranse a cabo todas as actuacións necesarias para desmantelalo e recuperar a situación preoperacional da zona ocupada pola instalación.





Considerarase, con carácter xeral e sen prexuízo do que no seu momento se poida establecer ao respecto, a desmontaxe e retirada dos aeroxeradores, centro de seccionamento e torre meteorolóxica, demolición da parte superior do pedestal ou peaña das zapatas, restauración dos novos vieiros creados para uso exclusivo do parque, restitución de terreos e servizos afectados e revexetación das zonas alteradas polo desmantelamento.

5. De xeito previo ao desmantelamento presentarase o correspondente proxecto e documentación para a súa avaliación ambiental.

4.3 Outras condicións

1. Co obxecto de acadar a máxima coordinación e eficacia no cumprimento desta DIA, o promotor deberá designar unha persoa responsable do seu control e notificar o seu nomeamento ao órgano substantivo.

2. Calquera cambio que se pretenda introducir no proxecto respecto do recollido nesta DIA deberá ter en conta a variable ambiental, e no caso de que poida producir efectos significativos sobre o medio ambiente deberásele notificar previamente á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, a través do órgano substantivo e acompañado da pertinente valoración ambiental comparativa, para que o órgano ambiental o avalíe e informe sobre a súa aceptación, comunicando no seu caso as condicións que cómpre impoñerlle ou se procede iniciar un novo trámite de avaliación ambiental.

3. O promotor deberá comunicar ao órgano ambiental, a través do órgano substantivo e coa suficiente antelación, a data prevista de inicio de obras do parque.

Xunto coa dita comunicación, o órgano substantivo achegará a este órgano ambiental, para a súa constancia no expediente, unha copia do informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural ao que se fai referencia na condición 4.1.2 da DIA, xunto coa documentación na que se basee.

4. O promotor comunicará ao órgano ambiental, a través do órgano substantivo, a data de posta en marcha da instalación.

5. PROGRAMA DE VIXILANCIA E SEGUIMENTO AMBIENTAL

5.1. Aspectos xerais

O obxecto deste programa é o de garantir ao longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias que figuran na documentación avaliada e o condicionado da DIA, así como incorporar procedementos de autocontrol por parte do promotor. Así mesmo, debe permitir detectar, cuantificar e corrixir alteracións ou afeccións que non se teñan previsto, e levar a cabo novas medidas acordes coas novas problemáticas ou coñecementos xurdidos.

Para tal fin, e tomando como base o seguimento proposto na documentación avaliada, deberánse incorporar os controis e estudos necesarios para completalo e adaptalo ao condicionado que se deriva desta DIA. Na definición final do programa fixaranse segundo a fase (replanteo, obras, explotación ou abandono) a periodicidade, os indicadores e os limiares ou valores límite que se vaian utilizar en cada caso.





Será responsabilidade do órgano substantivo que o programa que finalmente se desenvolva neste sentido permita acadar os obxectivos indicados. Así mesmo, teranse en conta as seguintes consideracións:

- O seguimento deberá ser efectuado por persoal cualificado para identificar os elementos protexidos da biocenose e a interacción entre eles e para valorar a idoneidade das medidas adoptadas e os impactos que as actuacións do proxecto poden inducir sobre o medio. Terá a capacidade técnica suficiente de conformidade coas normas sobre cualificacións profesionais e da educación superior.
- Lémbrese que sempre que exista a acreditación e alcance correspondente, os estudos e controis preoperacionais, tomas de mostras, medicións e analíticas, tanto na fase previa ao inicio das obras como nas de replanteo, obras, explotación ou abandono, realizaranse por entidades acreditadas polo organismo nacional de acreditación (ENAC) co alcance correspondente a cada tipo de control, toma de mostras, medición ou analítica a realizar, e que os informes estarán asinados e amparados pola dita acreditación. Deberán ser representativas, e polo tanto levaranse a cabo durante os labores con maior incidencia sobre os aspectos obxecto de seguimento.
- No caso de que se detecten, como resultado deste seguimento en calquera das súas fases, impactos imprevistos ou alteracións que superen os límites establecidos na lexislación aplicable, no EsIA ou nesta DIA, comunicaráse inmediatamente ao órgano substantivo, propoñendo as medidas correctoras precisas para corrixilos. Se se pon de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, o órgano substantivo poñerá este feito en coñecemento da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.

5.2. Aspectos específicos

1. Unha volta o parque eólico comece a funcionar continuarase co estudio dos posibles efectos acumulativos ou sinérxicos con outros parques eólicos e as súas infraestruturas de evacuación incluído no EsIA.

2. En relación co plan de seguimento do nivel de ruído ao que se fai referencia na condición 4.2.1, tomando como base a proposta do EsIA, terase en conta o seguinte:

- O promotor deberá incorporar ao programa de vixilancia e seguimento ambiental un documento no que se recolla pormenorizadamente toda a información relativa á metodoloxía do seguimento, aspectos técnicos das medicións, cálculos, límites legais, medidas protectoras e correctoras e calquera outra que resulte procedente ao abeiro da normativa vixente en materia de rúidos.
- En canto aos puntos de control propostos consideraranse como mínimo os lugares propostos na documentación. As medicións realizaranse no contorno das vivendas ou edificacións máis próximas aos aeroxeradores e non no interior dos núcleos, para considerar así os puntos potencialmente máis vulnerables. A localización de cada punto deberá definirse coas súas coordenadas UTM (ETRS89) e reflectirse nun plano a escala mínima 1: 10.000.





- Deberan constar os resultados da campaña preoperacional con medicións en todos os puntos indicados, co obxecto de dispoñer de datos previos do ruído de fondo para comparalos cos que se obteñan en cada período de seguimento.
- En canto á periodicidade dos controis, durante a fase de obras efectuarase medicións en cada punto no momento no que se estean executando as obras asociadas ao seu contorno, elixindo un momento coa obra en plena actividade co obxecto de que a medición sexa representativa, na fase de funcionamento será mensual o primeiro semestre, bimestral o segundo e trimestral durante o segundo ano de explotación, podéndose logo variar en función dos resultados obtidos.

3. En canto aos plans de vixilancia, controis e demais actuacións ás que se fai referencia no punto 4.2.5 da DIA, terase en conta o seguinte:

- Tal e como se desprende do punto 5.1, deberá incorporarse co suficiente detalle ao programa de vixilancia ambiental todo o que se derive das cuestións que figuran no dito punto 4.2.5:
 - Control da nidificación de avifauna protexida ou de interese sobre o solo ou en arboredo.
 - Protección doutra fauna (réptiles, anfibios, pequenos mamíferos,...), detección de atropelos, control das obras de drenaxe e, no seu caso, dos pasos canadenses.
 - Seguimento de avifauna, quirópteros e de posibles efectos acumulativos (aditivos ou sinérxicos).
 - Protección de hábitats naturais e outras especies vexetais e animais singulares ou proexidas se é o caso, en cumprimento das disposicións normativas que lles resulten de aplicación e do disposto nesta DIA.
 - Detección de especies invasoras.
 - Etcétera.
- No caso concreto do plan de seguimento de avifauna e de quirópteros (naquilo que resulte de aplicación), sen prexuízo do que figure na documentación achegada polo promotor, no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural en relación coas condicións mínimas para os plans de vixilancia ambiental no relativo ao control da mortalidade por colisión na fase de explotación ou do que se poida derivar da condición 4.1.1, 4.1.2, ou de calquera outra desta DIA, teranse en conta as seguintes indicacións:
 - Disporase dos estudos previos necesarios para coñecer os efectivos poboacionais e os usos do espazo e do hábitat na zona, as zonas de cría, alimentación ou campeo, colonias ou refuxos (morcegos), durmidoiros, rutas de paso migratorio, movementos estacionais ou desprazamentos diarios, etcétera, co obxecto de definir axeitadamente o plan de vixilancia para detectar posibles cambios nestes aspectos pola instalación e presenza do parque. Estes estudos preoperacionais deberán cubrir o ciclo anual completo do conxunto de especies inventariadas na zona, prestando especial atención a aquelas que ostenten algunha figura de protección, por exemplo e sen prexuízo doutras, as sinaladas no punto 1.3 desta DIA.





- Conterá unha descrición detallada e xustificada da metodoloxía para o seguimento da incidencia do parque eólico sobre a avifauna, especificando os controis a efectuar e a súa frecuencia, considerando a detección do efecto baleiro, a caracterización do comportamento das aves ante os aerogeradores e a detección de morte por colisión.

Descríbese a metodoloxía para a estimación dos índices de colisión e a súa variación estacional, e a dun estudo do voo que caracterice a frecuencia, variación horaria, variación estacional, altura e traxectoria dos movementos das aves na zona do parque (uso do espazo).

Incluírase unha valoración da posible distorsión nos resultados polo diferente esforzo de mostraxe, condicións climatolóxicas durante as mostraxes, detectabilidade dos corpos (polo tamaño, vexetación do contorno, etcétera) e desaparición de cadáveres por necrófagos, definindo os factores ou índices de corrección para corrixir as posibles desviacións.

- A periodicidade das visitas de comprobación terá en conta a fenoloxía das especies sedentarias, invernais e migratorias. Co obxecto de diminuír na medida do posible a perda de cadáveres por acción de animais preeiros, as visitas para a detección de aves mortas por colisión terán como mínimo unha periodicidade mensual. No caso de que se efectúen experimentos para o cálculo dunha taxa de desaparición de cadáveres propia para a zona do parque, poderíase axustar a dita frecuencia. Terase en conta que pode resultar preciso incrementar a frecuencia en épocas de paso migratorio e de dispersión de xuvenís.
- Definición cuantitativa e cualitativa de limiares de risco por colisión e aparición de efecto baleiro, que indiquen a necesidade de adoptar medidas protectoras ou correctoras específicas, xustificando a súa determinación. Na definición destes limiares deberán considerarse as referencias normativas, catálogos ou listas vermellas máis actualizadas.
- Defínense as medidas protectoras e/ou correctoras a adoptar en función das situacións de risco que se detecten, considerando entre elas as sinaladas no punto 4.2.5.1 desta DIA sen prexuízo do que se derive da condición 4.1.2.
- Descríbese o método de rexistro, tratamento e presentación dos datos obtidos, detallando a periodicidade, estrutura e contido dos informes, que como mínimo incluírán un apartado introdutorio (indicando datas e descrición das campañas efectuadas), outro cos datos e resultados obtidos e un de valoración (considerando tanto o período abranguido polo informe como o acumulado de datos de informes anteriores), discusión e conclusións finais.
- En relación coa condición 4.2.5.1.4 da DIA, no que se refire ao lobo a Dirección Xeral de Patrimonio Natural sinala no seu informe que se ten que dar cumprimento ao punto 18 (efecto barreira das infraestruturas), apartado 5, do Decreto 297/2008, do 30 de decembro, polo que se aproba o Plan de xestión do lobo en Galicia.





Neste sentido, establece que no primeiro ano de funcionamento do parque, como parte do plan de vixilancia ambiental, débese remitir á dita dirección xeral un estudo con datos sólidos sobre a presenza de lobos na área de influencia do parque eólico e realizar unha avaliación e seguimento das afeccións sobre as súas poboacións: estrutura social, zonas de cría, uso do espazo, etc.

Na procura da mellor implementación das ditadas medidas, o promotor e o órgano substantivo terán en conta que todos os aspectos relativos á súa planificación e desenvolvemento deberanse coordinar previamente coa dita Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Para a realización dos estudos ou calquera actuación que se desenvolva no marco do programa de vixilancia e seguimento ambiental en relación coas especies protexidas, o promotor deberá contar coas autorizacións que correspondan da antedita dirección xeral.

5.3. Informes do programa de vixilancia

O promotor deberá presentar os informes do programa de vixilancia e seguimento ambiental ante o órgano substantivo, a quen lle corresponde efectuar o seguimento e vixilancia do cumprimento da DIA de acordo co establecido na normativa de avaliación ambiental. Estes informes estarán asinados polo persoal técnico responsable da súa elaboración e terán que contar coa supervisión, aprobación e sinatura da persoa responsable designada para o control do cumprimento da DIA.

Os informes avaliarán pormenorizadamente o cumprimento da DIA en relación a todos os aspectos considerados nela, así como das indicacións, valoracións e medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias contidas no EsIA e a restante documentación avaliada.

Con carácter xeral, incluíranse os resultados das campañas preoperacionais ou estudos complementarios que se efectúen e os que no seu caso xa consten no EsIA ou as súas addendas se é o caso, comparándoos cos que se obteñan en cada período de seguimento.

Sen prexuízo do que, co curso do tempo, se poida derivar do desenvolvemento do programa de vixilancia, o seguimento da DIA estruturarase nos seguintes informes:

1. Durante a execución das obras o promotor presentará, con carácter trimestral, un **informe de obras** co seguinte contido mínimo:

- a) Cronograma de obras actualizado con todas as actividades (incluíndo a adopción das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias) no que se indique, para cada unha delas, a porcentaxe de execución respecto do total. No cronograma figurará a data de actualización.
- b) Informe de avance da obra, onde se describa o desenvolvemento dos traballos en relación a todos os compoñentes do proxecto. Acompañarase de reportaxe fotográfica (con indicación da data e hora nas fotografías e plano de puntos de toma) e dun plano de planta a escala 1:5.000 ou maior detalle, dotado de coordenadas UTM (ETRS89), no que se reflecta a situación real das obras e a porcentaxe de execución de cada actividade.





- c) Resultados do plan de seguimento do nivel de ruído (con medicións en plena actividade, indicando persoal de obra e maquinaria en funcionamento durante as medicións), control da calidade das augas, funcionamento da rede de drenaxes e mantemento do réxime hídrico (seguimento hidrolóxico), seguimento de avifauna e quirópteros, protección da pequena fauna e hábitats e especies vexetais e animais singulares ou protexidas se é o caso, tendo en conta os puntos 4.1, 4.2.1, 4.2.2, 4.2.5 e 5 da DIA.
- d) Informe onde se detallen, para aqueles indicadores ambientais que non teñan plans de seguimento específicos, os resultados dos controis efectuados de acordo co programa de vixilancia que se deriva desta DIA (indicando datas das visitas), así como os da aplicación das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias (tanto as que figuran na documentación avaliada como as derivadas desta DIA), incidencias e/ou imprevistos acontecidos e solucións adoptadas, labores de restauración efectuados, xestión de residuos de obra, etcétera.
2. Ao final das obras, no prazo máximo de dous (2) meses contados desde o remate dos traballos, achegará un **informe fin de obras** que como mínimo inclúa:
- a) Informe onde se describa o desenvolvemento dos traballos desde a emisión do último informe de obras e se detalle o estado final do parque e da área afectada tras a finalización das obras, en relación a todos os aspectos que figuran na documentación avaliada e no condicionado desta DIA. Conterá así mesmo un resumo do seguimento ambiental efectuado ao longo de toda a fase de obras e das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias adoptadas, así como das incidencias ou imprevistos acontecidos e as solucións adoptadas.
- b) Reportaxe fotográfica que amose con detalle os aspectos máis salientables da actuación: zonas nas que se implantaron os aeroxeradores, contorno do centro de seccionamento, torre meteorolóxica, estado dos vieiros, cunetas e drenaxes, gabias do cableado, estado de limpeza da área (en especial das zonas de instalacións de obra e parque de maquinaria), zonas onde se efectuaron medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias, etc. Nas fotografías indicárase a data e a hora, acompañándoas dun plano de localización.
- c) Plano *as built*, a escala 1:5.000 ou maior detalle e dotado de coordenadas UTM, no que se reflicta a situación real de todas as instalacións e infraestruturas do parque, así como as zonas onde se levaron a cabo medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias. Incluírase unha táboa coas coordenadas UTM (ETRS89) das posicións definitivas dos aeroxeradores, do centro de seccionamento e da torre meteorolóxica.
- d) Ficheiros dixitais do plano *as built* coas seguintes capas: poligonal do parque, aeroxeradores, centro de seccionamento, vieiros e torre meteorolóxica. O formato será compatible con sistemas de información xeográfica (SIX). O sistema de proxección será o UTM, adoptándose como sistema de referencia xeodésico o ETRS89. Os datos vectoriais entregaranse en formato ESRI shapefile (.shp).





3. Unha vez iniciada a explotación do parque o promotor deberá presentar, con periodicidade semestral durante os dous primeiros anos de funcionamento e anual os seguintes, un **informe en fase de funcionamento** co seguinte contido mínimo:

- a) Resultados do plan de seguimento do nivel de ruído (identificando os aeróxeradores en marcha durante as medicións), do seguimento do efecto parpadeo de sombras ou *shadow flicker*, do control do funcionamento da rede de drenaxes do parque e o mantemento do réxime hídrico (seguimento hidrolóxico) e do seguimento da calidade das augas, conforme se deriva dos puntos 4.1, 4.2.1, 4.2.2 e 5 da DIA.
- b) Resultados dos plans de seguimento de avifauna e quirópteros, das medidas de protección de pequena fauna, hábitats naturais e especies vexetais e animais singulares ou protexidas se é o caso, e seguimento dos posibles efectos acumulativos (aditivos ou sinérxicos), tendo en conta os puntos 4.1, 4.2.5 e 5 da DIA.
- c) Informe, acompañado de reportaxe fotográfica, no que se describan con detalle os resultados do plan de restauración, indicando os avances e incidencias no proceso de rexeneración da cuberta vexetal e de integración paisaxística da instalación, aparición de especies invasoras se é o caso, estado dos vieiros, cunetas, plataformas de montaxe, gabias do cableado, contorno das torre meteorolóxicas, contorno do centro de seccionamento, así como daquelas zonas nas que se adoptasen medidas de protección contra a erosión. Nas fotografías indicárase a data e a hora, acompañándoas dun plano de localización.

Conterá tamén unha avaliación da eficacia e evolución de todas as medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias adoptadas (tanto as que figuran na documentación avaliada como as derivadas desta DIA) e a descrición, se é o caso, das incidencias acontecidas e as solucións adoptadas. Detallaranse así mesmo, para aqueles outros indicadores ambientais que non teñan plans de seguimento específicos, os controis efectuados de acordo co programa de vixilancia que se deriva desta DIA (indicando datas das visitas).

- d) Cando corresponda, segundo o expresado na condición 5.2.3 da DIA sobre as actuacións de estudo e seguimento do lobo, xunto co informe en fase de funcionamento achegarase un documento específico cos contidos que se determinen en función do sinalado na dita condición.

Á vista dos resultados que se obteñan durante os dous primeiros anos de seguimento, ou ben por solicitude motivada do promotor cursada ante o órgano substantivo, poderase revisar, se é o caso, o contido ou a frecuencia dos controis e informes que se deben realizar en anos posteriores.

4. Informe previo ao abandono: cunha antelación de seis (6) meses respecto da data prevista para a finalización da explotación do parque, o promotor remitirá ao órgano substantivo un documento (con memoria, planos, pregos de condicións, orzamento, prazo de execución e avaliación dos aspectos ambientais) no que se detallen todas as actuacións previstas para o cumprimento da condición 4.2.6.4.





5. **Informe posterior ao abandono:** transcorridos dous (2) meses desde o remate dos traballos de desmantelamento e abandono do parque, o promotor achegará un informe coa descrición detallada das actuacións levadas a cabo, con especial mención á xestión dos residuos procedentes do desmantelamento e á restauración das superficies afectadas. Incluirá unha reportaxe fotográfica que reflicta o estado final da área, unha vez rematados os labores de abandono e realizada a oportuna revexetación.





6. PROPOSTA

Logo de finalizar a análise técnica do expediente de avaliación de impacto ambiental, propónse formular a declaración de impacto ambiental nos termos recollidos ao longo deste documento, en cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Manuel Díaz Cano
Xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos
(asinado electronicamente)

Conforme

Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental
(asinado electronicamente)

RESOLVE

Formular a declaración de impacto ambiental do parque eólico Vilartoxo, considerando que o proxecto, segundo a documentación aportada polo órgano substantivo, é ambientalmente viable sempre que se cumpra, ademais do recollido no estudo de impacto ambiental e a restante documentación avaliada, o condicionado que figura ao longo deste documento, tendo en conta que no caso de que exista contradición entre eles, prevalecerá o disposto nesta DIA.

Ademais do obrigado cumprimento das condicións sinaladas, se se manifesta calquera tipo de impacto non considerado ata o momento, este órgano ambiental poderá ditar, do xeito que proceda, os condicionados adicionais que resulten oportunos.

Consonte o disposto no artigo 52 da dita Lei 21/2013, correspóndelle ao órgano substantivo o seguimento e vixilancia do cumprimento da declaración de impacto ambiental.

Esta declaración de impacto ambiental farase pública a través do Diario Oficial de Galicia e da páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e se lle remitirá ao órgano substantivo para os efectos que correspondan no marco do procedemento de autorización administrativa das instalacións.

Así mesmo, non exime ao promotor de obter calquera outra autorización, licenza, permiso ou informe que sexa necesario para a execución e/ou funcionamento do proxecto.

O órgano substantivo deberá notificar a esta dirección xeral calquera cambio de titularidade que se produza na instalación.

De acordo co artigo 41.4 da lei de avaliación ambiental, a declaración de impacto ambiental non será obxecto de recurso sen prexuízo dos que, se é o caso, procedan na vía administrativa e xudicial fronte o acto polo que se autoriza o proxecto.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
(asinado electronicamente)

